

**DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (Marque cunha "x" a documentación que se anexa)**

- Copia do DNI/CIF do interesado. No seu caso, acreditación da representación e copia do DNI do representante.
- Xustificante bancario do pago da autoliquidación tributaria correspondente.
- Memoria das obras (Obxecto, uso e finalidade, situación das obras dentro da edificación ou da parcela, dimensións, medidas, materiais e acabados a utilizar, etc....).
- Plano de situación da obra (plano de catastro, cartografía, sixpac ou similar).
- Fotografías do lugar da actuación da parcela e do contorno.
- Orzamento detallado e desglosado.
- No seu caso, proxecto técnico esixible legalmente e declaración do/s técnico/s que autoricen o proxecto de que cumpre en tódolos extremos coa ordenación urbanística de aplicación, e datos do profesional de xeito que permita a súa identificación. Declaración responsable ou certificación do técnico redactor no que figuren os datos persoais e profesionais e se acredite non estar inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- De ser o caso, autorización ou ditame ambiental, informes sectoriais ou outras autorizacións ou concesións administrativas que sexan legal ou regulamentariamente esixibles, tramitables polo interesado.
- De ser o caso, documento de cesión de terreos necesario para a apertura ou regularización do viario. Antes do inicio da obra, solicitarse data de visita dos técnicos municipais para realizar a acta de aliñacións.
- De ser o caso, documento de compromiso de conexión cos servizos existentes.
- De ser o caso, nomeamento da dirección facultativa, suscrito por técnicos competentes. Nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.
- No caso de peches de fincas, antes do inicio da obra, solicitarse data de visita dos técnicos municipais para realizar a acta de aliñacións.
- No caso de execución de obras en solo rústico: certificación descritiva e gráfica do Rexistro da Propiedade no que conste o seu titular e extensión da parcela, ou no seu defecto, título de propiedade (documento público) e nota do Rexistro da Propiedade facendo constar que se está a tramita-la inmatriculación do predio.

Doume por informado do contido da nota informativa que figura ao dorso.

En Pontevedra a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_.

**PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE**

**Asdo.**

**Nota informativa:**

Aos efectos das responsabilidades a que houbera lugar, infórmase ao interesado que:

O apartado 3 do artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a comunicación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

No mesmo sentido o establece o artigo 194.5 da LOG na redacción dada pola Lei 9/2013 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, referíndose á declaración da ineficacia da comunicación previa audiencia ao interesado; e o artigo 194.7 da citada lei dispón que a presentación da comunicación previa implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, do titular do terreos, dos empresarios das obras e dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

ATT. SR. ALCALDE/SA DO CONCELLO DE PONTEDEUME



**URB\_  
COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA**

**1. DATOS DO INTERESADO** (promotor das obras e suxeito pasivo tributario)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

**2. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE** (no caso de actuar por medio de representante)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:			NIF/CIF:
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:

**3. DATOS DA OBRA A REALIZAR**

DIRECCIÓN:
REFERENCIA CATASTRAL:
OBXECTO E FINALIDADES DAS OBRAS:
DATA DE INICIO DAS OBRAS (non antes de 15 días hábiles desde a presentación da comunicación previa):
ACTIVIDADE <input type="checkbox"/> As obras non están vinculada ó desenvolvemento de ningunha actividade <input type="checkbox"/> As obras realízanse para o desenvolvemento de unha actividade. A actividade ten o expediente _____ Descrición da actividade (Debe incluírse proxecto de actividade):

**4. BASE IMPOÑIBLE POR ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS**

Orzamento execución obras (OEM)	
Valoración segundo o IBI (parcelacións e demolicións)	
Superficie de cartel	

**DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE** que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar.
  - Que as obras solicitadas non se engloban na relación recollida no artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e polo tanto non están suxeitas ao deber previo de obtención de licenza.
  - Que se compromete, para os efectos da normativa sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (R.D. 1627/1997, do 24 de outubro), ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde legalmente esixibles.
  - Que se cumpriran os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
  - Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais que resulten necesarias.
  - Que achega toda a documentación preceptiva e que son certos os datos que se indican.
  - Que realizará as obras de conformidade coa documentación técnica presentada e que, no seu caso, as instalacións non serán postas en servizo antes da finalización das obras comunicadas e de dispor dos Certificados ou autorizacións pertinentes.
- AUTORIZA** aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actuación a desenvolver.

PONTEDEUME, \_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_

**PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE**

**OBSERVACIÓNS:**